



## PREGUNTAS E RESPOSTAS FRECUENTES

**P** Durante que períodos é preciso facer unha reserva para poder acceder á praia?

**R** As reservas serán necesarias durante os seguintes períodos:

- Semana Santa
- Meses de verán: xullo, agosto e setembro
- Durante os seguintes períodos coincidentes con pontes ou festivos:
  - 1, 2 e 3 de novembro de 2019
  - 6, 7 e 8 de decembro de 2019
  - 1, 2 e 3 de maio de 2020
  - 10, 11 e 12 de outubro de 2020
  - 5, 6, 7 e 8 de decembro de 2020

Fora destes períodos o acceso ao monumento será libre, pero aínda que non requira de autorización, serán de aplicación as normas e recomendacións establecidas para a visita ao monumento.

**P Con que antelación é preciso xerar as reservas?**

**R** As reservas soamente poden ser tramitadas ata 45 días antes da data da visita. A páxina web non dará opción de reservar con anterioridade a eses 45 días.

**P É posible tramitar autorizacións para máis de unha persoa? Como pedir autorización para grupos?**

**R** Si. Unha única persoa poderá solicitar autorización de acceso ao monumento natural para un grupo máximo de 25 persoas, se ben será necesario que esta coñeza e indique os datos persoais de todas as persoas que solicitan acceso (nome e apelidos, sexo, ano de nacemento e documento de identificación persoal).

Lembre que na pantalla inicial, onde se recolle a data prevista da visita, deberá indicar se a persoa solicitante accederá ao monumento natural (marcando “si” na cela correspondente) e tamén o número total de persoas para as que solicita acceder á praia.

Os datos persoais serán requiridos en todos os casos, agás aos menores de 14 anos, para os que non será obrigatorio indicar o documento de identificación persoal.

Teña en conta que os menores de dous anos de idade non necesitarán autorización para acceder ao monumento natural.

**P É posible obter a citada autorización sen realizar a solicitude a través da web <https://ascatedrais.xunta.gal> ?**

**R** Unicamente se poderá solicitar a autorización de acceso a través da web <https://ascatedrais.xunta.gal>, se ben cómpre indicar que no caso de desprazarse empregando un medio de transporte público (tren, taxi ou autobús de liña), o billete e/ou recibo de pagamento darán dereito de acceso ao monumento, sendo de aplicación os mesmos condicionantes que nas autorizacións emitidas directamente pola Xunta de Galicia.

Consultar condicionantes en: <https://ascatedrais.xunta.gal/monatr/verMasInfo>

**P Como se realiza o control de acceso ao monumento natural ?**

**R** O control sobre o acceso ao monumento poderá realizarse en calquera momento, sendo obrigatorio acreditar a posesión da preceptiva autorización cando lle sexa requirida, co fin de garantir o cumprimento do Plan de Conservación do Monumento Natural e compatibilizar a súa protección co seu uso público. Non obstante, na entrada ao areal existirá un control permanente.

**P Se non podoo visitar a praia o día que tiña reservado, podoo usar a mesma reserva para outro día?**

**R** Non, as reservas son válidas unicamente para acceder ao monumento o día para o cal foron emitidas e soamente poderán ser utilizadas pola persoa cuxo nome aparece nela.

**P Cal é a mellor hora para visitar a praia?**

**R** Dado que existen importantes variacións no réxime das mareas, chegando o mar a cubrir o areal na súa totalidade durante varias horas do período de marea alta, recoméndase acceder ao areal no período comprendido entre as dúas horas anteriores e posteriores á baixamar, polo que se recomenda que consulte a táboa de horarios de mareas para organizar a súa visita ao monumento. Esta información tamén lle será facilitada na propia web de tramitación de autorizacións no momento de escoller a data da visita: (<https://ascatedrais.xunta.gal>).

**P Podoo acceder á praia co meu can?**

**R** Si, pero debe ter en conta que os animais só poderán transitar polos viarios e sendeiros de tránsito peonil, provistos dun sistema de suxeición axeitado que impida que estes poidan saír destas zonas. Tamén será de aplicación a normativa municipal de acceso aos areas.

**P Poden persoas con mobilidade reducida acceder ao Monumento Natural?**

**R** A parte superior do Monumento Natural da Praia das Catedrais conta con sendeiros e miradoiros habilitados para o acceso de persoas con mobilidade reducida. O acceso ao areal (ou zona inferior) unicamente se pode realizar por medio de escaleiras, e o tránsito polo areal necesariamente debe ser realizado pola area, o cal pode dificultar o acceso ás persoas con mobilidade reducida.

**P** **Podo bañarme na Praia das Catedrais?**

**R** Si, pero deberá ter en conta as sinalizacións (bandeiras do estado do mar presentes no areal), e as recomendacións dos socorristas.

**P** **Hai aparcadoiros para coches/autobuses preto da praia?**

**R** Si, hai tres aparcadoiros habilitados a diferentes distancias do monumento natural. O máis afastado deles atópase a menos dun quilómetro da entrada ao mesmo.

**P** **Canto custa a entrada? E as visitas guiadas?**

**R** A entrada e as visitas guiadas organizadas pola Xunta de Galicia son totalmente gratuítas.